



## CAMPO DE VOLUNTARIADO “CASTELO DE MONTERREI” (MONTERREI-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PAZAS
16-27/07-2021	18-30	Estatal	Arqueolóxico	12

### LOCALIZACIÓN

Monterrei atópase situada ao sueste da provincia de Ourense, lindando coa fronteira de Portugal.

Un dos seus monumentos máis emblemáticos e coñecidos é o Castelo dos Condes de Monterrei, do século XII.

### DESCRIPCIÓN DO CAMPO

Os voluntarios e voluntarias formarán parte dun equipo de profesionais da arqueoloxía que levan tempo na procura dos restos máis antigos da fortaleza. Baixo as súas indicacións, e sempre co máximo respecto considerando a antigüidade dos restos a desterrar, as persoas participantes coñecerán de primeira man a atractiva metodoloxía arqueolóxica (escavación, debuxo, rexistro, 3D...) e tamén outras técnicas auxiliares empregadas para recuperar toda a información posible de tan importante monumento (toponimia, informadores orais, etc.)

Na cara norte da acrópole, na zona axardinada e nunha zona intermedia entre a muralla do Terceiro Recinto e o Paseo, realizaranse dous tipos de traballos:

- Recuperación da Sondaxe 2 realizada na anualidade de 2016 na que se identifica a pouco menos dun metro de profundidade unha estrutura circular de pedra do Castelo, con espazo adintelado para a porta, da que se descoñece a súa cronoloxía e funcionalidade.
- Ampliación da Sondaxe 2 coa finalidade de obter unha lectura horizontal e vertical máis ampla desta cabana circular.
- Creación dun xogo de realidade estendida sobre o Castelo e a súa contorna para a difusión turística do castelo así como da necrópole.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Rastrexo fotográfico do Castelo.
- Ruta Termal da Agua: Cabreiroá, Fonte do Sapo, Sousas, Fontenova e Caldeliñas. Visitamos os diferentes manatiais e facemos a ruta.



- Visita a unha bodega da D.O de Monterrei.
- Visita ao Parque Natural do Invernadoiro.
- Ruta ao Pozo do Demo.
- Ruta en bici na Ecovia da Eurocidade: ao estar tan próximos á fronteira portuguesa, facemos unha ruta que une a Eurocidade de Verín-Chaves.

- Paintball.

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e estarán suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo.



### COMO CHEGAR

Tanto de Santiago de Compostela ou Vigo (via Ourense), pódese viaxar por estrada en bus ([www.monbus.es](http://www.monbus.es)) ou en tren ata Ourense.

A estación de tren máis próxima ao punto de quedada está na Gudiña.

### ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

O aloxamento será no CEIP de Medeiros, en literas individuais.



# CAMPO DE VOLUNTARIADO “CASTELO DE MONTERREI” (MONTERREI-OURENSE)

## INCORPORACIÓN

O primeiro día a partir das 18:00 h en Albarellos, diante da casa do Concello. Para coordinar os traslados, é imprescindible comunicar por correo-e a hora de chegada.

## COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

## DEVOLUCIÓN DA COTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos pertinentes e/ou do hospital no que se atopara ingresado o/a interesado/a ou no caso de ter que abandonar a actividade por motivos relacionados co Covid-19 sempre e cando no transcurra máis del 50% dos días de duración do campo.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

## EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo persoais. Toallas.
- Saco de durmir e unha pequena mochila para rutas.
- Zapatos ou botas de montaña.

- Roupa de abrigo, chubasqueiro e roupa impermeable.
- Roupa de traballo, roupa deportiva, calzado deportivo e traxe de baño.
- Guantes de traballo e gorra.
- Lanterna e cantimplora.
- Protección solar.

## DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

## SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

## CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tel.: 981 957 115

[camposdetraballo.xuventude@xunta.gal](mailto:camposdetraballo.xuventude@xunta.gal)

## INFORMACIÓN ADICIONAL

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net). Portal da D. X. de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de voluntariado, ocio e tempo libre, actividades, formación...

[www.ourense.es](http://www.ourense.es). Información sobre a cidade de Ourense, transportes, accesos...